

DESDE O TABOLEIRO

SALVADOR CASTRO OTERO

A Pallín, porque sabe atoparme nos espazos libres; a Estrella, porque abrimos camiños; e a Claudina, porque traspasamos fronteiras
Os do "barullo", porque facedes a Fiasta e os "sons do silencio"

A Clara, por non i(n)terromper

A Fiasta é coma unha gran sala de exposicións, unha sorte de escape-rate polo que pasan a música, o barro, o mimo, o teatro, os ultralixeiros, a pintura, a escultura... e o xadrez. Dicia Julio Cortázar que un escritor revolucionario debería ser tamén revolucionario na forma, de xeito que un relator da Fiasta debe ser fiasteiro no estilo. Deixádemelo pois que empregue neste artigo unha técnica pluriforme.

Sensacións

Se non fose un atrevemento diría que vou imitar a Virginia Wolf, a creadora —debía dicir o pai, a pai ou simplemente a nai, a verdade é que me perdo na linguaxe ¿sexistamente correcta?— da novela de sensacións, pero xa se sabe que non hai erro máis fondo que pretender poñerse á altura de quen un non está.

CONCENTRACIÓN

Araceli Ozores fíxome unha pregunta no descanso dunha partida "¿Podedes xogar con este barullo?" ¿Barullo? Só lembro pezas, tictacs, xaques, descubertas... É certo que pola noite tiveron un soño estraño: alguén probaba un micrófono, Rita Alonso dicía non sei que de ver un "vermello vivo", e chamaba ós rapaces a encher paquetes de caramelos para lanzar dende os ultralixeiros, e Luís Dorado apareceu coma un deses planos-detalle das pelícu-

Diego Rivas — Descoñecido




Diagrama 1 — Vertixe

las nas que unha cámara fai fotos dun cadáver, e Carlos Villanueva (se fose un bo amigo, comentaría que, sempre tan atento, nos ofrecía bebida), que me dicía non sei que da auga. ¡Que soño raro! Tamén estaba Clara que me presentaba o seu home ¡Que demo facía Clara neste soño de fiasta! ¡Ah, si! Quería oír música e bailar ata o amencer aínda que fose con lobos que lle desen calcaduras.

Non sei, será que existen universos paralelos pero Eva só sentiu ciúmes das atencións que Ramón lles dispensaba ás damas brancas e ás damas negras.

PAIXÓN

Vladimir Stoujinski estaba cabreado, pero a súa queixa non era por unha derrota, era porque quería xogar máis, quería ir da Fiasta á eternidade mergullado no xadrez. ¿Sería o trasno Zinade, tan preñado de fútbol, quen limitou o tempo a hora e media?

LEDICIA

A fortaleza de Goián debe ter un non sei que de meigallo, parece que atrapa, que crea dependencia. Cando remataron as partidas moitas foron as voces que dicían "voltaremos", "contade connosco para a

Lorenzo— Gestido




Diagrama 2 — Romeo e Xulieta

próxima", e en todas había un sorriso máis alá dos resultados.

Crónica deportiva

No incomparable marco do Castelo de Goián e dentro dos actos da Fiasta, organizada pola Asociación Eliseo Alonso, tivo lugar un torneo-exhibición de xadrez. A competición de partidas rápidas (5 minutos por xogador) contou coa participación do clube Albatros da Guarda, Laroca da Ramallosa, Máximo Gorki de Vigo e Xadrez Bueu.

A competición tivo dúas fases. Na primeira, os equipos enfrontábanse polo sistema de liga. Os de Bueu resultaron gañadores con 15 puntos, seguidos do Máximo Gorki con 11 e o Albatros con 9. Nesta fase os xogadores de Bueu Jaime García, Ramón Santaclara, José Gestido e Manuel Morales obtiveron a totalidade dos puntos posibles.

Na segunda fase os dous primeiros clasificados da previa (Bueu e Gorki) disputaron a final na que todos os xogadores dun equipo se enfrontaban ós do outro. Os morracenses gañaron 27-9.

Na final de consolación xogada polo mesmo sistema os guardeses venceron ós da Ramallosa por 23 a 13.

SANTA LUCIA
SEGUROS



Tel.: 986 610 537
 Móbil: 608 984 606
 Concepción Arenal, 59 baixo
 36780 A GUARDA



Celso Fernández Álvarez

Instalador e mantedor de calefacción
 A.C.S. e fontanería

Rúa de Tollo 20 Goián. teléfono: 986 620 008

Santaclara – Anadón




Diagrama 3— Demolition man

López – Castro




Diagrama 4— Unraibun coo sereno

Axenda de espectáculos

CINEMA

Vertixe: Este "remake" da famosa película de Hitchcock pretende ir máis alá do seu modelo. O seu autor, Diego Rivas, unha das promesas xuvenís máis salientables da Galicia dos 90, presenta o xa mítico conflito entre Chronos, rexedor do tempo, e Minerva, dona da sabedoría. Vexamos unha escena da película na que á deusa, azorada por só poder ter a imaxe do tempo en dous segundos núbrase a mente e cae no abismo (diagrama 1).

As brancas poden xogar 1. Dxe4 con vantaxe definitiva, pero xogaron a "xenial" 1.Dc4?? coa idea de 2.Dg8++ pero 1...Dd2++. Minerva, deusa de amores eternos, é castigada por Eros, pois distrae a súa mente co fugaz dono do tictac.

TEATRO

Romeo e Xulieta: Eduardo Lorenzo e José Gestido deléitanos cunha versión libre deste clásico. Con algúns cambios argumentais e coa inclusión de personaxes brancos e negros, Gestido móstranos unha nova dimensión da obra de Shakespeare. Vexamos uns fragmentos

da posta en escena (diagrama 2).

Xulieta ten que romper coa súa familia para ir na procura de Romeo. Por iso 1...Txe5!; 2. dxe5 - Dxe5 (vía libre pola columna "e") 3.Ta2 (os montescos tamén poñen as súas obxeccións) Te8; 4. Bb2? (o bo frade, convertido desta volta en bispo tenta axudar pero erra. O mago Fritz, unha reencarnación moderna de Merlín, apunta 4.a6) De8+ (Xulieta inmólase) 5.Txe8? (Rh2 única) - Txe8; Rh2 - Th1++ (a familia Capuleto acaba na esquina con Romeo)

TELEVISIÓN

Así se fixo Demolition-Man: Ramón Santaclara no só foi campión galego xuvenil e o mellor xogador da Fiestas, foi o único que logrou os nove puntos posibles. Zlotnik dixo que o de Bueu comprendía coma poucos as estruturas de peóns. Neste programa veremos como vai demoler a aparentemente indestrutible posición de Anadón (diagrama 3).

1.d5! (non hai mellor xeito de desfacer unha construción que minándolle a base) Dh4; 2. dxe6- Rxe6; 3. exf5+- gxf5; 4. Te1+ con vantaxe definitiva.

PARTE METEOROLÓXICO

No mapa de isóbaras proporcionado por Alfredo López e Salvador Castro pódese observar que non hai perigo de "galer-nas", o ceo está despezado e a evolución máis probable 1. Dxd7 - Cxc3; 2.bxc3- Dc4 con tendencia estacionaria que non é problemática para as negras, pero é claro que nunca se debe descartar unha tormenta de formación vertical. E así foi. López deu-lle unha lección a este cronista 1. Bxg7!, un raio nun ceo sereno, e toda a calma das negras encheuse de nubarróns (diagrama 4).

P.S.: Non pretendemos facer unha análise técnica rigorosa das posicións —nin é o noso propósito nin ten moito sentido con partidas con tan pouco tempo de reflexión. Tentamos aclarar as ideas dos xogadores dun xeito lúdico.

FE DE ERRATAS

No noso número anterior cometemos varios erros cos diagramas que agora queremos emendar. O diagrama da partida Alekhine - Capablanca correspóndese co que leva o nº 4. Cando citamos a máxima de Philidor debería haber unha referencia ó diagrama nº 3. No parágrafo que comeza con "Coloquemos o cabalo en a1", debería aparecer unha chamada ó diagrama 1. Onde sinalamos diagrama* falta o que aparece co nº 5 neste artigo. Finalmente cando falamos da solución de Reti referímonos ó diagrama 2. Perdoen as molestias.

□ Salva
■ Omar Estevez




Diagrama 5

BODEGAS
TERRAS GAUDA



Estrada Tui - A Guarda, km. 46
Tels. 986 62 10 01 - 62 11 11 - Fax. 986 62 10 84
AS EIRAS - O ROSAL - 36760 PONTEVEDRA
e-mail: terrasgauda@jct.es

Ollade dixo recuperándose do seu ensismamento: MERINO - BELLÓN, Campionato de España de 1968:

1. d4 - Cf6; 2. c4 - g6; 3. Cc3 - d5

Atendede, a Grunfeld si é unha apertura e non iso que xogades vós.

4. cxd5 - Cxd5; 5. g3 - Bg7; 6. Bg2 - Cxc3; 7. bxc3 - c5; 8. e3 - 0-0; 9. Cf3?! - Da5; 10. Bd2 - Cc6; 11. 0-0- Td8; 12. Db3 - Bg4; 13. Dxb7

Teño que recoñecer que acaso fose mellor 13. Cg5 - e6 seguido de 14. Dxb7. Xa sabía que infalible só era eu. Nas encíclicas, home, nas encíclicas.

13...Tdc8; 14. Db2 - Tab8; 15. Dc1 - cd4; 16. ed4

Mirade a finura se 16. cxd4 - Dh4 e non é doado parar as ameazas Bxf3 e Cxd4; e non vale De1 por e5

16...Dh5; 17. d5! (Diagrama 4)


¿Sabedes que dicían os cronistas? "Merino juega con mucho ingenio". Se 17. Dd1 - e5

17...Cb4; 18. Cg5 - Be2; 19. h3! - Bxf1; 20. Bf3 - Dh6; 21. h4! - Ba6; 2. Cxf7 - Dxd2; 23. Dxd2 - Bxc3; 24. Ch6+! - Rg7 25. Dc1 - Cd3

¿Que pasa se che come a torre? comentou o sarxento.

Pois que se 25...Bxa1; 26. Dxa1+ - Rh6; 27 g4, ameazando mate e se 27...g5; 28. De5!!, gaña.

□ Merino
■ Bellon



Con moito inxenio.

DIAGRAMA 4

26. De3 - Bxa1; 27. Dxe7+ - Rxh6; 28. g4!

Aínda que as negras teñen moita vantaxe de material eu coidaba que non poderían evitar o mate pero Bellón fíxoo moi ben.

28...Tb1+; 29. Rg2 - Ce1+; 30. Rg3! - Be5+!!; 31. Dxe5 - Cf3; 32. De3+ - Rg7; 33. De7 - Rg8; 34. De6+ e táboas.

¿Iso é todo? O teu momento máis importante e só un empate, calquera cousa é boa.

Máis ben calquera parte é boa parte respondeu facendo un mal chiste.

Nisto entrou o Dono de Todo, a única forza viva verdadeira, o propietario dos naipes, da taberna e de todos os locais, de todas as decisións e do azar que regula a situación de cadaquén naquel mundo. Chamarémoslle para gardar prudentemente o anonimato, Sam, aínda que nunca tocara *As time goes by*, nin tivera nunca un sobriño, por non ter non tiña nin un fillo pois coidaba que só podería haber copias menores, o da

clonación tífaio pensado pero non se fiaba dos científicos, capaces de facer unha falcatrada só por envexa. Sam cría en Deus, por se acaso, pero non podía atoparlle nada interesante unha vez que se coñecera a si mesmo.

O caso é que a entrada de Sam produciu no crego, no sarxento e no alcalde a mesma reacción cá dos nenos cando se ven sorprendidos xogando co que non deben. Recolleron o taboleiro con premura mentres o Dono de Todo os amoestaba:

Outra vez con ese xogo voso, non medraredes nunca. Veña, hoxe, unha de póquer. Sen límite de apostas.

¿Que xente! pensaba Sam Un emperador que pasea por Europa coas ideas da Revolución Francesa debaixo do brazo, un Papa que non respecta a vontade de Deus que creou os obreiros co privilexio de producir, e un alcalde que defende unha cultura menor, e todos amantes do xadrez. ¿Con que xente me xunto? Non hai homes.

Deixade que peche con sxiilo a porta do reservado (Se ti o dis, será unha homenaxe a *Centauros do deserto* pero quero que lembres que quen queda fóra son eu e que Ethan Edwards sempre me pareceu un paranoico), que garde a miña pluma no estuche, para non contar como o azar dá sempre a vitoria ó Dono de Todo; que me afaste como esas cámaras do cinema que se van distanciando dos personaxes ata que se camuflan co horizonte. Quedarei, tan só, co rumor, co bulicio vital, peza principal da taberna, e con esa forma de eternidade que dan en chamar sentimento.

BODEGAS
TERRAS GAUDA
S.A.

Estrada Tui - A Guarda, km. 46
Tels. 986 62 10 01 - 62 11 11 - Fax. 986 62 10 84
AS EIRAS - O ROSAL - 36760 PONTEVEDRA
e-mail: terrasgauda@jet.es